

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1547	Educación para a saúde e o ambiente	2023/2024	3	107	107

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA ABEL SOUTO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título consiste en vixiar e controlar os efectos sobre a saúde dos factores de risco ambiental e alimentario, participar na posta en marcha e o desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental e intervir en programas de educación para a saúde pública e comunitaria baixo a supervisión, no seu caso, do superior responsable, de acordo cos protocolos establecidos, respectando a normativa de referencia en condicións de calidade e seguridade.

Unidades de saúde ambiental

Establecer o plan de control de organismos nocivos adecuado á situación de partida e supervisar a súa execución.

sectores produtivos potencialmente contaminadores e na administración nacional, autonómica e local en servizos relacionados coa saúde e/ou o medio ambiente. Poden formar parte de equipos de inspección sanitaria, de laboratorios de análises, centros de investigación, centros universitarios, explotacións agrarias, empresas de servizos de control ambiental. Cando traballan por conta allea, dependen xerárquica e funcionalmente dun superior responsable e colaboran, no seu caso, cos responsables doutros departamentos. Cando traballan no ámbito da saúde, a súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente.

As ocupacións e postos de traballo (entendido o masculino como xenérico) máis relevantes son os seguintes:

- a) Técnico en xestión ambiental.
- b) Coordinador de sistemas de xestión ambiental.
- c) Programador de actividades ambientais.
- d) Documentalista ambiental.
- e) Técnico de control sanitario (alimentos, augas, atmosfera, residuos, etc.).
- f) Técnico de control de contaminación atmosférica.
- g) Técnico de control de contaminación acústica.
- h) Técnico de control de organismos nocivos.
- i) Técnico en control de pragas no medio urbano e contorna natural asociada.
- j) Comercial de información de produtos biocidas e fitosanitarios.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Saúde pública e sanidade ambiental	Trata os conceptos de saúde e enfermidade e os condicionantes de grupo, factores sociais.	20	19

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
2	Epidemioloxía e información sanitaria	Epidemioloxía ambiental. Método epidemiolóxico. Tríada ecolóxica. Notificacións e boletines	20	19
3	Promoción e educación para a saúde e o ambiente	Plans e programas de promoción da saúde. Educación para a saúde e patróns culturais. Educación ambiental e desenvolvemento sustentable.	17	16
4	Información na educación para a saúde e o ambiente	Etapas do proceso de planificación. Análise do problema. Análise dos determinantes da conducta.	14	12
5	A comunicación e a motivación na promoción da saúde	Cuestionarios. Métodos de transmisión de información. Técnicas de modificación da conducta	18	17
6	Programas de educación para a a saúde e avaliación de programas	Definir que e un programa de saúde e estudio de técnicas de avaliación da información e argumentos para determinar el grado de la eficacia de las actividades de educación sanitaria.	18	17

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Saúde pública e sanidade ambiental	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza actividades de vixilancia epidemiolóxica, tendo en conta a relación entre os riscos ambientais e a saúde das persoas e da comunidade	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Enumeráronse os servizos da sanidade ambiental
CA1.2 Analizouse a evolución histórica dos conceptos de saúde e doenza
CA1.3 Analizáronse factores determinantes da saúde cunha especial incidencia en Galicia
CA1.4 Clasificáronse os determinantes de saúde e doenza
CA1.5 Describíronse os indicadores xerais do nivel de saúde da poboación

Criterios de avaliación
CA1.6 Descríbense as fases da historia natural da doenza e explicáronse os tipos de prevención en saúde pública
CA1.7 Analízouse a Carta de Ottawa e o significado de promoción da saúde
CA1.8 Enumeráronse os factores de risco ambientais que inciden sobre a saúde

4.1.e) Contidos

Contidos
Saúde pública e sanidade ambiental. Evolución histórica de saúde e doenza. Determinantes da saúde e da doenza. Informe Lalonde. Factores determinantes da saúde con especial incidencia en Galicia. Indicadores xerais do nivel de saúde e características sociosanitarias da poboación. Incidencia e prevalencia. Fases da historia natural da doenza. Niveis de prevención: primaria, secundaria e terciaria. Promoción da saúde. Carta de Ottawa.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Epidemioloxía e información sanitaria	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza actividades de vixilancia epidemiolóxica, tendo en conta a relación entre os riscos ambientais e a saúde das persoas e da comunidade	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Diferenciáronse risco sinérxico, competitivo, relativo e absoluto
CA1.10 Descríbironse os principais factores de risco relacionados con estados fisiopatolóxicos especiais
CA1.11 Identificáronse as características da epidemioloxía ambiental e describiuse o método epidemiolóxico
CA1.12 Explicáronse os principais modelos de causalidade epidemiolóxica
CA1.13 Consultáronse estudos epidemiolóxicos relacionados cos problemas de saúde de etioloxía ambiental
CA1.14 Utilizouse a terminoloxía básica relacionada coa saúde pública, a promoción e a educación para a saúde
CA1.15 Enumeráronse os principais sistemas de información utilizados nunha rede de vixilancia epidemiolóxica
CA1.16 Analizouse a Rede galega de vixilancia en saúde pública

4.2.e) Contidos

Contidos
0Epidemioloxía ambiental. Método epidemiolóxico. Modelos de causalidade epidemiolóxica (triade ecolóxica e cadea epidemiolóxica). Variables epidemiolóxicas. Rede de vixilancia epidemiolóxica. Notificación das doenzas e dos brotes epidémicos. Doenzas de declaración obrigatoria. Boletíns epidemiolóxicos. Emerxencias ambientais e sanitarias. Vixilancia internacional: OMS e Regulamento sanitario internacional. Rede galega de vixilancia en saúde pública. Factores de risco ambiental e saúde. Características dos factores de risco. Riscos sinérxicos e competitivos. Relación entre risco relativo e risco absoluto. Factores de risco relacionados con estados fisiopatolóxicos especiais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Promoción e educación para a saúde e o ambiente	17

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica actividades de educación sanitaria e ambiental en función do grupo diana, seguindo plans e programas de promoción da saúde establecidos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Diferenciouse entre promoción da saúde e prevención da doenza
CA2.2 Identificáronse as características dos plans e dos programas de saúde, tendo en conta a incidencia sobre a saúde dos padróns culturais e da alimentación en Galicia
CA2.3 Definíronse as prioridades e os obxectivos nun plan ou programa de educación para a saúde
CA2.4 Descríbironse as fases na planificación e no deseño de actividades de educación sanitaria
CA2.5 Identificáronse os factores ambientais e os problemas de saúde para tratar en distintos contextos
CA2.6 Deseñáronse instrumentos para obter información sobre saúde e doenza de persoas e colectivos, e programáronse as fases de aplicación de entrevistas, enquisas e cuestionarios, de acordo co tamaño da mostra e co tempo previsto
CA2.7 Seleccionáronse as fontes documentais de apoio segundo o tipo e as características do estudo que cumpra realizar
CA2.8 Caracterizouse o grupo diana e identificáronse hábitos e condutas non saudables
CA2.9 Determinouse o nivel de formación e motivación do grupo
CA2.10 Propuxéronse actividades educativas adaptadas ás características do grupo, para modificar os seus comportamentos
CA2.11 Analizouse o concepto de educación para a sustentabilidade e describíronse os obxectivos de desenvolvemento sustentable
CA2.12 Identificáronse os principais problemas ambientais de Galicia
CA2.13 Caracterizáronse os modelos e os sistemas de consumo
CA2.14 Realizáronse propostas para un consumo responsable

4.3.e) Contidos

Contidos
Plans e programas de promoción da saúde: principios e obxectivos. Diferenza entre promoción da saúde e prevención da doenza. Ámbitos de actuación. Metodoloxía e estratexias.
Educación para a saúde: obxectivos e contidos. Áreas de aplicación. Hábitos e condutas non saudables; modificación dos comportamentos. Incidencia sobre a saúde dos padróns culturais e a alimentación en Galicia.
Instrumentos e estratexias en actividades de educación e promoción da saúde. Formulación de obxectivos. Deseño e secuenciación de actividades. Recursos.
Educación ambiental e desenvolvemento sustentable: principios básicos, fins e obxectivos. Educación para a sustentabilidade. Principais problemas ambientais de Galicia.
Modelos e sistemas de consumo. Educación para o consumo responsable.
Estudo do grupo diana: criterios de selección e establecemento dunha mostra.
Fontes de información e documentación. Métodos e técnicas de recollida de información en promoción da saúde e educación sanitaria e ambiental: entrevistas, cuestionarios e enquisas de saúde (ENSE e OMS). Centros de recursos de información e documentación ambiental (bases de datos e fondos documentais).

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Información na educación para a saúde e o ambiente	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara a información para transmitir sobre os problemas de saúde relacionados co ambiente, e selecciona os contidos en función do grupo diana	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as características do grupo diana
CA3.2 Descríbonse os obxectivos da información que cumpra transmitir
CA3.3 Analizáronse as dificultades de comprensión dos coñecementos que se vaian transmitir

Criterios de avaliación
CA3.4 Seleccionouse e adaptouse a información segundo o grupo receptor
CA3.5 Organizáronse os contidos das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento
CA3.6 Secuenciáronse e temporalizáronse as actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento
CA3.7 Identifícaronse os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento
CA3.8 Elaboráronse materiais de traballo en función do grupo diana
CA3.9 Utilizáronse técnicas de animación e dinámica de grupos para difundir os coñecementos en materia de saúde ambiental
CA3.10 Seleccionáronse recursos didácticos en función de cada actividade de promoción e educación para a saúde e do contorno próximo

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Características e identificación do grupo. Fontes documentais. Selección e baleiramento da información significativa.</p> <p>Contidos para a prevención dos problemas de saúde asociados aos riscos ambientais: obxectivos, tipo e características da información para transmitir ou da formación para levar a cabo. Adaptación de contidos a distintos grupos receptores: identificación de dificultades.</p> <p>Secuencia e temporalización das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento.</p> <p>Recursos humanos e materiais para o desenvolvemento das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento.</p> <p>Elaboración de material de traballo para o desenvolvemento das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento.</p> <p>Tecnoloxías na educación sanitaria.</p> <p>Técnicas de grupo aplicadas á educación sanitaria: conferencia, traballo en grupo, comisións de traballo, seminarios e estudo de casos.</p> <p>Recursos didácticos en actividades de promoción e educación para a saúde: internet, medios audiovisuais e posibilidades do contorno próximo (análise, valor e puntos de interese).</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A comunicación e a motivación na promoción da saúde	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona técnicas de comunicación e adáptaa ás características do grupo ao que se dirixen as actividades de promoción da saúde	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as características da información para transmitir nas actividades de promoción da saúde
CA4.2 Definíronse as características do asesoramento nas actividades de promoción da saúde
CA4.3 Descríbironse as técnicas de comunicación, as súas fases e os seus requisitos
CA4.4 Analizáronse os tipos de linguaxe e as estratexias para unha boa comunicación, e describíronse os factores que facilitan esa comunicación
CA4.5 Establecéronse as diferenzas entre as canles comunicativas e os tipos de comunicación
CA4.6 Utilizáronse técnicas de motivación e reforzo en distintas situacións
CA4.7 Aplicáronse técnicas de comunicación adaptadas aos contidos que cumpra transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso
CA4.8 Identificáronse técnicas de modificación de comportamento no ámbito da promoción da saúde
CA4.9 Informouse de xeito claro, correcto e adaptado a diferentes situacións

4.5.e) Contidos

Contidos
Características da información en actividades de promoción da saúde.
0Técnicas de modificación da conduta aplicadas á educación para a saúde.
Características do asesoramento en actividades de promoción da saúde.

Contidos
<p>Información e comunicación. Elementos que constitúen a comunicación. Tipos de comunicación. Canles de comunicación específicas para cada situación. Barreiras, interferencias e distorsións na comunicación.</p> <p>Técnicas de comunicación e de información. Comunicación verbal e non verbal. Fases da comunicación. Métodos e formas de transmisión de información. Técnicas de expresión oral, escrita e plástica. Factores que facilitan a comunicación interpersoal (nivel cognitivo, nivel actitudinal e nivel condutual).</p> <p>Habilidades necesarias para a comunicación.</p> <p>Interferencias na comunicación.</p> <p>Motivación. Teorías da motivación. Motivación e xerarquía de necesidades. Factores que favorecen a motivación.</p> <p>Técnicas e estratexias de motivación e reforzo.</p> <p>Técnicas de animación e dinámica de grupo aplicadas á educación para a saúde en función do colectivo receptor.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Programas de educación para a a saúde e avaliación de programas	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica técnicas de avaliación de programas de educación sanitaria, tendo en conta a relación entre os obxectivos e os resultados obtidos	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Seleccionáronse os obxectivos do programa ou da actividade de educación sanitaria
CA5.2 Formuláronse criterios para avaliar a consecución dos obxectivos do programa ou da actividade de educación sanitaria
CA5.3 Determináronse os aspectos do programa ou da actividade de educación sanitaria que deben ser avaliados
CA5.4 Seleccionáronse ou, de ser o caso, deseñáronse instrumentos para a avaliación de actividades de educación sanitaria

Criterios de avaliación

CA5.5 Utilizáronse os instrumentos para a avaliación das actividades desenvolvidas no programa de educación sanitaria

CA5.6 Analizáronse e interpretáronse os resultados do programa de educación sanitaria

CA5.7 Elaboráronse informes dos resultados do programa de educación sanitaria

CA5.8 Establecéronse medidas correctoras e de reforzo para casos en que non se consigan os obxectivos previstos

CA5.9 Xustificouse a importancia da avaliación de resultados na aplicación de programas de educación sanitaria

4.6.e) Contidos
Contidos

Obxectivos e funcións da avaliación de programas de educación sanitaria.

Tipos de avaliación de programas de educación sanitaria. Características.

Criterios de avaliación de programas de educación sanitaria.

Procedementos e estratexias de avaliación de actividades de educación sanitaria.

Técnicas e instrumentos de investigación e avaliación dos programas de educación sanitaria.

Rexistro, análise e interpretación dos resultados dos programas de educación sanitaria: cambios nos hábitos da poboación. Elaboración de informes dos resultados.

Medidas correctoras e de reforzo.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os contidos incluídos nesta programación serán considerados como mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva do módulo.

O seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo.

A avaliación incluírá:

- Avaliación inicial: Farase ó principio de curso para obter datos respecto a situación previa do alumnado pero non será tida en conta para o cálculo da nota acadada no módulo.
- Cualificación de contidos : Os contidos avaliaranse mediante probas escritas. Proporanse probas escritas con preguntas test o preguntas de resposta corta, o de desenrolar, cálculos, casos prácticos, relacións, conceptos.
- Cualificación das tarefas realizadas na clase e traballos e exposicións. O longo do curso proporanse diferentes actividades que o alumnado terá que resolver. Ademáis, pódense programar traballos de análise, bibliográficos, de investigación... que se desenvolverán de forma grupal ou individual. En todos os casos deben tomarse como elementos avaliadores mínimos os seguintes:
 - Formulación do traballo.
 - Presentación en tempo e forma
 - Contidos.
 - Conclusións.

En moitas ocasións o peso dun traballo ou práctica radica na exposición que posteriormente fan os estudantes. Neste caso cómpre matizar que cando se trate de traballos en grupo a exposición debe valorarse individualmente tendo en conta como elementos avaliadores:

- Utilización da linguaxe.
- Aplicación de conceptos.
- Claridade da exposición.
- Utilización de recursos.
- Respostas dadas ás dúbidas.

É condición indispensable ter realizadas tódalas probas de avaliación e as actividades propostas ó longo do curso. Tódolos alumnos deberán acudir as probas e/ou actividades na data e hora proposta. Soamente repetirase unha proba ou actividade a aqueles alumnos que presenten xustificante (médico de enfermidade, médico especialista, probas de especialista, xuízos, defuncións).

Realizarase unha recuperación por unidade

didáctica que abarcará toda a materia dada na unidade didáctica. Para superar o módulo, será necesario superar todas e cada unha das unidades didácticas (UDs)

A calificación do exame de recuperación será a nota definitiva desa parte na que se teñen que presentar obrigatoriamente aqueles alumno/as que non superen o exame ordinario.

Ainda que a avaliación é continua, para o alumnado que teña, algunha/s unidade/s didáctica/s suspensa/s despois da terceira avaliación, poderá recuperar realizando unha proba única que poderá ser escrita/oral de cada unha das unidades didácticas suspensas no mes de xuño.

Os criterios mínimos esixibles serán os que se recollen en cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- a) Os contidos conceptuais representarán un 80% da cualificación final. Estes contidos serán avaliados en probas escritas, que poderán incluír cuestións tipo test e/ou preguntas curtas. As probas escritas poderán incluír identificación de imaxes. En cada proba, o alumno coñecerá a qué UD corresponden os contidos que se avalían, e o peso de cada UD na cualificación final. Un determinado criterio mínimo esixible pode estar comprendido en varias cuestións. Para superar unha determinada UD será necesario superar o 50 % da cualificación máxima que corresponde ás cuestións relacionadas con ela. Para superar o módulo, será necesario superar todas e cada unha das UD's. De superar todas as UD's, a cualificación final do módulo calcularase como a media ponderada das cualificacións das distintas UD's, tendo en conta a súa importancia relativa (que figura na Programación). Si un alumno non supera unha ou varias UD's, terá dereito a realizar un examen de recuperación por cada avaliación, no que se incluírán os contidos das UD's non superadas. Os alumnos que non superen un ou varias probas escritas de recuperación terán dereito a realizar un examen ó final do curso sobre os contidos das UD's non recuperadas.
- b) Outros aspectos que influirán na cualificación, ata un máximo do 10% da cualificación final, inclúen as tarefas realizadas autónomamente, a participación activa na clase, o na aprendizaxe, e a colaboración en grupo. Estes contidos consideráanse superados cando se acaden como mínimo un 50% da cualificación máxima outorgable.
- c) Outros aspectos que influirán na cualificación, ata un máximo do 10% da cualificación final, corresponderá á realización por encargo de traballos relativos a UD's concretas, á súa exposición na aula, e á resposta a cuestións formuladas polo Profesor e/ou os seus compañeiros. Estes contidos consideráanse superados cando se acaden como mínimo un 50% da cualificación máxima outorgable. No caso de que os contidos non sexan superados, os alumnos disporán de un prazo adicional para correxir as deficiencias detectadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O carácter continuo da avaliación debe permitir, na meirande parte dos casos, a detección precoz dos déficits na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, identificar os aspectos do proceso que provocan estes déficits e a adopción das medidas correctoras oportunas.

No suposto de que estas medidas fosen insuficientes e algún alumno non superase o módulo, faranse actividades de recuperación no período previsto a tal fin pola normativa vixente. Estas actividades concretaranse para cada alumno tomando como referencia os obxectivos xerais do módulo e os contidos non adquiridos. Para superar o módulo, será necesario superar todas e cada unha das unidades didácticas (UD's)

Elaborarase un informe individualizado no que se indiquen os aspectos que hai que revisar, as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe, as medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular tomadas, as validacións ou exencións concedidas e calquera outro aspecto de interese.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número máximo de faltas de asistencia para ter dereito á avaliación continua será do 10% das sesións totais (mais un 5% por motivos laborais sobrevidos) de impartidas durante o curso escolar. A perda deste dereito supón que se pode seguir asistindo a clase pero haberá que realizar unha avaliación extraordinaria despois da avaliación final do módulo e que consistirá nunha proba teórica. Esta proba poderá incluír cuestións de diferentes tipos: test, de resposta corta e/ou de desenvolvemento de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. Traballos: deberanse entregar os traballos que se foron realizando ao longo do curso por parte do resto do alumnado que foi avaliado segundo o previsto. Para a cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria hai que ter un mínimo de 5 puntos (dun total de 10) tanto na proba teórica coma nos traballos. A nota final do módulo calcularase tendo en conta que a proba final puntúa un 90% da nota total e os traballos un 10%

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente no modelo Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente nas que se presentará o devandito documento. No caso de modificacións na programación, xustificarse debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional. O final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial de todo o alumnado na que se acordarán os distintos aspectos do módulo en relación coa valoración dos resultados de aprendizaxe e co progreso na consecución dos obxectivos xerais do Ciclo.

Adoptaranse as medidas oportunas que garantan a máxima confidencialidade da información que mereza un tratamento reservado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Estan previstas as seguintes medidas de reforzo para súa aplicación:

- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- Cambios na temporalización: Adaptación aos ritmos e tempos tanto de grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.
- Cambios nos grupos: Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo colaborativo que integre alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.
- Explicacións individuais por parte do profesor á aqueles alumnos con dificultades.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Favorecer a igualdade entre homes e mulleres e a integración do alumnado con discapacidade. Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato, a liberdade de pensamento, a empatía e o traballo en equipo. A educación moral e cívica.

Todos estes aspectos estarán presentes ao longo do curso no sentido actitudinal e de valores.

Ó final do módulo o alumno deberá fomentar na poboación usuaria hábitos de vida saudables para manter ou mellorar a súa saúde e evitar a doenza, exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais de acordo co establecido na lexislación e participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das disponibilidades orzamentarias e da programación.

Asistencia as charlas programadas polo departamento de sanitaria do centro.

Asistencia a conferencias, congresos, xornadas... relacionadas co proxecto curricular do módulo que, en colaboración con outras entidades se organicen ao longo do curso académico, sempre e cando sexa posible